GALICIA 2019



Memoria sobre a situación económica e social

Esta Memoria pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

A información que se inclúe nos documentos do Consello Económico e Social de Galicia, citando fontes e autores, reprodúcese exclusivamente para fins de investigación.

Limiar

A Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, establece entre as súas funcións a de elaborar e remitir anualmente ao Consello da Xunta de Galicia unha memoria sobre a situación económica e social na nosa Comunidades Autónoma.

O Regulamento de Réxime Interno do Consello, aprobado polo Pleno o 29 de abril de 1996, confire á Comisión sectorial número 4 a condición de comisión sectorial permanente encargada da elaboración da Memoria anual sobre a situación socioeconómica de Galicia.

En virtude diso, o CES traballou durante o primeiro semestre do 2020 na elaboración da Memoria correspondente a 2019. Unha vez rematada a recompilación e análise dos datos máis relevantes para analizar a realidade socioeconómica de Galicia, e tendo en conta as especiais circunstancias derivadas da pandemia provocada polo Covid-19, consideramos que a realidade de decembro de 2019, onde chega a termo a análise da Memoria 2019, xa non ten nada que ver coa realidade que nos atopamos á hora da súa presentación.

Debido a isto, o CES considerou oportuno non aventurar recomendacións ou conclusións que noutras circunstancias derivaríanse da evolución anual dos indicadores analizados.

Dende este momento o CES, e en particular a Comisión sectorial 4, traballa xa en coñecer e seguir a evolución social e económica que durante 2020 teña lugar en Galicia, para cooperar e contribuír, como é a nosa función, na elaboración dunha diagnose actualizada ás cir-

cunstancias actuais que achegue coñecemento e ferramentas para a articulación de medidas e solucións que permitan a Galicia saír canto antes e co menor dano desta crise sen precedentes.

A proposta de Memoria elaborada pola dita Comisión sectorial foi tramitada pola Comisión Permanente deste organismo na súa sesión ../20, do xx de xullo.

De acordo coa normativa antedita, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobou por unanimidade, na súa sesión ../20, do .. de xullo, a presente Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2019,

A economía galega presenta no ano 2019 unha moderación no seu ritmo de crecemento ao experimentar una medra do 1,8%, catro décimas menos que o estimado no ano anterior. Por terceiro ano consecutivo o PIB galego presenta un menor dinamismo que a economía española (2%), manténdose o diferencial existente en dúas décimas. Neste último ano o conxunto da UE-28 experimentou unha medra interanual do 1,5% e a zona euro do 1,2%.

A demanda interna constitúe novamente o motor de crecemento da economía galega ao achegar tres puntos ao crecemento agregado do PIB. Por terceiro ano consecutivo a demanda externa detrae décimas ao crecemento do PIB, situándose no ano 2019 en 1,2 puntos, o nivel máis elevado dende 2006. No conxunto da economía española tanto a demanda interna como externa contribúen positivamente ao crecemento do PIB. O ano 2019 caracterízase por un maior dinamismo do gasto en consumo final, tanto público como privado, así como por unha importante ralentización do investimento medido pola formación bruta de capital (3% e 2,7%, respectivamente).

As distintas ramas de actividade presentan no último ano taxas de crecemento positivas, agás as enerxéticas e extractivas consideradas no seu conxunto. O sector servizos presenta as taxas de crecemento máis elevadas, cun 2,7%, por diante da construción, cun 2,6%, e a industria manufactureira e o sector primario, que medran un 0,9% e 0,2%, respectivamente. Comparado co ano anterior cómpre mencionar o maior dinamismo dos servizos e sobre todo do sector primario, así como a ralentización experimentada pola industria manufactureira e a construción.

No que á distribución das rendas se refire, no último ano mantense a tendencia positiva do incremento da remuneración de asalariados, que medra un 4% respecto ao ano anterior, porcentaxe superior ao experimentada polo PIB nominal e o excedente bruto de explotación (2,9% e 1,6%, respectivamente). Tras esta evolución a participación dos asalariados na renda ascende ata o 44,6% e o excedente bruto de explotación sitúase no 45%.

A devandita ralentización trasládase ao mercado de traballo, que presenta unha desaceleración no ritmo de creación de emprego e unha menor caída do desemprego. Galicia é unha das CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, situándose a taxa de actividade no 53,1%, o valor máis reducido dende o ano 2008, cinco puntos e medio menos que no conxunto do Estado, e a taxa de ocupación ascende ata o 46,9% en Galicia fronte ao 50,4% en España. Por contra, a taxa de paro descende ata o 11,8%, case dous puntos e medio menos que a media española (14,1%), a taxa máis reducida dende o ano 2008 (8,6%).

1 Panorama económico

1.1. Contexto económico xeral

1.2 Indicadores macroeconómicos de Galicia

1.3. Evolución demográfica

2 Mercado de traballo e relacións laborais

2.1. Actividade, ocupación e desemprego

2.2. Custos e salarios

2.3. Relacións laborais e formación

3 Dinamismo do tecido produtivo

3.1. Estrutura produtiva

3.2. Demografía empresarial

3.3. Sector exterior

4 Calidade de vida e benestar social

4.1. Saúde

4.2. Pobreza e cohesión social

4.3. Cobertura social

4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

4.5. Ocio e cultura

5 Recursos e capacidades para o desenvolvemento

5.1. Capital humano

5.2 Investigación e tecnoloxía